
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 7 DE XULLO DE 2014

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 10:00 horas do luns día 7 de xullo de 2014 coa seguinte orde do día:

1) Solicitud de Matrícula en Traballo Fin de Grao

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Jurado Albarracín Martinón	José Ángel
Martínez Abella	Fernando
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Rodríguez-Vellando Carvajal	Fernández- Pablo

ESTUDANTES

Longueira Pan Francisco

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Díaz Maques José Antonio

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1) Solicitud de Matrícula en Traballo Fin de Grao

O Director comeza explicando as razóns para a realización dunha reunión de carácter extraordinario, trátase da matrícula do traballo fin de grado. Continúa exponendo a normativa vixente de matrícula e os cambios que se fixeron durante o curso 2013/2014. Sinala que actualmente existe a posibilidade de matricularse de TFG unha vez que se superan todas as materias da titulación.

Baixo o amparo desta normativa, un estudante solicitou matricularse do TFG, sen embargo, cando se consultou como se xestionaba na Reitoría, a resposta foi que tal ampliación de matrícula non era posible segundo a súa interpretación da normativa.

O Director expresa a súa intención de aceptar a petición ó amparo da normativa académica. A este respecto houbo conversacións adicionais coa Reitoría e parece que se vai a desbloquear a situación.

Sobre esta cuestión, o Valedor Universitario emitiu un informe bastante crítico coa actuación e interpretación da Reitoría.

A situación das negociacións é que se acepta a matrícula para o estudante que o solicitou e se hai algún caso similar tamén se aceptará.

O Director ten que responder á petición do estudante aprobando ou rexeitando a solicitude. A súa intención é aprobar esta solicitude e somete esta aprobación da ampliación de matrícula de TFG ó criterio da Comisión Permanente.

A Comisión Permanente aproba por asentimento e con unanimidade, e ó amparo da normativa académica, a aprobación desta solicitude e doutras coas mesmas características que aparezan.

Intervén o profesor Fernando Martínez consultando se estes estudantes poderán presentar o proxecto en setembro, responde o Director de maneira positiva.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 10:17 do 7 de xullo de 2014.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico